



NORMAS XERAIS INICIO DE CURSO

Movemento do alumnado

Entrada ao centro

O percorrido de acceso ao centro dependerá da planta en que estea situada a aula en que o alumno teña a primeira sesión.

Planta primeira

Entrada pola porta principal (porta 1) e subida pola escaleira máis apartada da sala de profesores.

Planta baixa e segunda

Entrada pola porta “soterrada” do patio cuberto (porta 2) e subida pola escaleira máis próxima á sala de profesores.

Planta terceira

Entrada pola porta 3, á que se accede desde arriba (entrada Secretaría) ou atravesando o patio cuberto e subindo por unhas escaleiras exteriores laterais que hai no fondo do patio. Subida directa á clase polas escaleiras da súa dereita.

Saída do centro

Alumnado planta primeira

Baixada pola escaleira contraria á sala de profesores e saída pola porta principal (porta 1).

Alumnado planta terceira

Baixada pola escaleira contraria á sala de profesores e saída polo corredor de secretaria (porta 3).

Alumnado planta baixa e segunda

Baixada pola escaleira máis próxima á sala de profesores e saída pola porta “soterrada” do patio (porta 2).

Movemento do alumnado dentro do centro

Desprazamento polos corredores

Sempre pola beira dereita, seguindo o sentido das frechas azuis.

Subir e baixar escaleiras

Sempre pola beira dereita, empregando a escaleira máis próxima á aula.

Ir á aula propia

O alumnado circulará de a un, abeirado á dereita e respectando a distancia de seguridade.

Ir a unha aula específica

O alumnado circulará de a un, abeirado á dereita e respectando a distancia de seguridade.

O profesor agardará dentro da aula específica a chegada do alumnado.

O profesorado de garda vixiará que se cumpra o protocolo nos desprazamentos internos.

Algunhas medidas de hixiene no centro

- O uso da máscara é obrigatorio. É obrigatorio, ademais, que cada alumno teña consigo unha segunda máscara de reposto, así como unha bolsa específica para gardala.
- Desde o centro recoméndase que cada alumno traia con el un “kit COVID” individual que inclúa, entre outros elementos, un bote de xel hidroalcohólico e un paquete pequeno de panos de papel). Pode resultar conveniente que dispoña dunha pequena botella propia de auga para usar durante a xornada escolar.
- O alumnado evitará tocar ollos, nariz e boca e realizará un lavado frecuente e meticuloso das mans. O lavado realizarase polo menos cinco veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída do centro, ao entrar e saír das aulas, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- O alumnado deberá entrar e saír polas portas asignadas a cada grupo e respectar as normas específicas do protocolo de seguridade.
- Todas as circulacións dentro do instituto faranse en fila de a un, pola dereita e respectando unha distancia mínima de seguridade entre persoas de 1,5 m. O profesorado velará polo cumprimento deste protocolo.
- O alumnado non compartirá material con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Solicítase que traia todo o material de traballo que precise (bolígrafos, cadernos, libros...) para evitar compartir estes obxectos.
- En caso de ter que saír ao encerado, cada alumno usará o seu propio xiz ou rotulador. En caso de que isto non fose posible desinfectará o rotulador antes e despois de usalo.
- Extremarase a orde nas mesas da aula. O alumnado disporá o seu material no seu pupitre e no seu asento para evitar calquera contacto co material do resto de compañeiros (recoméndase ter o material gardado en bolsas ou estoxos e rotulado co seu nome). Como medida de seguridade, retiráronse temporalmente das aulas as taquillas e os percheiros. Ao finalizar as clases do día o alumnado levará de volta todo o seu material: no centro non poderá quedar ningún obxecto persoal (libros, libretas, mochilas...).
- Para evitar o seu intercambio entre alumn@s, cada pupitre e cada asento teñen un número identificativo. O mesmo número sitúa no piso a posición exacta de cada pupitre.
- Cada nivel educativo pasará o tempo de recreo na zona que teña asignada.